

# **RESUMO PROTOCOLO COVID 19**

## **CEIP PLURILINGÜE SOBRADO NEBRA**

### **ANTES DE SAIR DA CASA**

AS FAMILIAS DEBERÁN ASEGURARSE DE QUE O ALUMNADO NON TEÑA NINGUNHA SINTOMATOLOXÍA COVID 19.

AS FAMILIAS DEBERÁN TOMAR A TEMPERATURA DO ALUMNADO NA CASA.

AS FAMILIAS DEBERÁN ENTREGAR A SEGUINTE DECLARACIÓN RESPONSABLE DECLARACIÓN RESPONSABLE FAMILIAS COVID.

NO CASO DE TER ALGUNHA SINTOMATOLOXÍA NUNCA DEBERÁN ASISTIR AO CENTRO. DEBENDO DE AVISAR AO SEU PEDIATRA E AO CENTRO.

### **ENTRADA NA ESCOLA.**

O ALUMNADO TERÁ ASIGNADAS AS DISTINTAS FRANXAS HORARIAS:

- EDUCACIÓN INFANTIL ÁS 9:20
- 1º E 2º DE PRIMARIA ÁS 9:15
- 3º e 4º DE PRIMARIA ÁS 9:10
- 5º E 6º DE PRIMARIA ÁS 9:05

O ALUMNADO TRANSPORTADO SERÁ RECIBIDO ÁS 9:05 E IRÁ PARA A SÚA AULA.

TODO O ALUMNADO DEBE DESINFECTAR AS MANS CON HIDROXEL NA PORTA DE ENTRADA .

AS FAMILIAS DEIXARÁN AO ALUMNADO NO PORTAL DE FORA SEN ACEDER AO RECINTO. PRÉGASE MÁXIMA PUNTUALIDADE E ESPERAR NO PARKING O MÍNIMO TEMPO MANTENDO SEMPRE O DISTANCIAMENTO SOCIAL.

### **QUE SUCEDE DENTRO DA AULA?**

O CENTRO VAI A FUNCIONAR CON AULAS BURBULLAS, É DECIR O ALUMNADO DUNHA AULA SÓ TERÁ CONTACTO ENTRE SI, NON SE RELACIONARÁ CO ALUMNADO DE OUTRAS AULAS.

O ALUMNADO MATRICULADO EN RELIXIÓN CATÓLICA SERÁ O ÚNICO QUE CAMBIARÁ DE AULA. EVITAREMOS AO MÁXIMO QUE O ALUMNADO DE NEAE SAÍA DA AULA.

**USO DA MASCARILLA:** O ALUMNADO ESTARÁ TODA A XORNADA LECTIVA CA MASCARILLA POSTA.

O ALUMNADO **SÓ PODERÁ TRAER MASCARILLAS QUIRÚRXICAS OU FP2.**

SE UTILIZA MASCARILLAS QUIRÚRXICAS DESPOSI DO RECREO A CAMBIARÁ, INUTILIZANDO A VELLA E DEPOSITANDO NUNHA PAPELERA DE PEDAL.

NO CASO DE TRAER FP2 NON SERÁ NECESARIO O CAMBIO, PERO A MASCARILLA DEBERÁ TRAER ESCRITA EN BOLÍGRAFO A DATA.

NON SE PERMITIRÁN MASCARILLAS DE TELA POR NON SABER SE CUMPREN TODAS AS MEDIDAS SANITARIAS.

TODO O ALUMNADO TRAERÁ A MAIORES UNHA MASCARILLA DE REPOSTO NUNHA RIÑONERA, POR SI LLE ROMPE A SÚA MÁSCARA E TER ASÍ UNHA DE RECAMBIO.

**MERENDAS.** TRAS CONSULTAR AS FAMILIAS, AS MERENDAS SERÁN FACILITADAS DENDE O CENTRO ELABORANDO UN CALENDARIO , ASÍ COMO A AUGA. POLO TANTO A PARTIR DO LUNS 14 O ALUMNADO NON DEBERÁ TRAER NADA A ESCOLA.

O PROFESOR TITOR DARÁ TODAS AS ESPECIALIDADES AGÁS INGLÉS.

NA AULA ESTARÁN SENTADOS EN GRUPOS ESTANCO DE 4-5 EN EDUCIÓN INFANTIL E 1º E 2º . O RESTO DE ALUMNADO CON DISTANCIAMENTO DE 1,5 METROS.

NOS RECREOS O GRUPO AULA TEN ASIGNADO UNHA PARTE DO PATIO E ESTARÁ SÓ ESA MEDIA HORA. PODRÁN XOGAR PERO MANTENDO A DISTANCIA DE SEGURIDADE.

Á VOLTA DO RECREO O ALUMNADO DESINFECTARÁ AS MANS CON HIDROXEL. ASÍ COMO CADA VEZ QUE SAÍA E ENTRE DA AULA.

OS ESPAZOS COMÚNS E BAÑOS SERÁN LIMPADOS DÚAS VECES DURANTE A XORNADA LECTIVA

## **SAÍDA DO CENTRO**

AS SAÍDAS SERÁN ESCALONADAS CADA 5 MINUTOS.

ÁS 14:05 SAIRÁ 5º E 6º

ÁS 14:10 SAIRÁ 3º E 4º

ÁS 14 15 SAIRÁ 1º E 2º

AS 14:20 SAIRÁ EDUCACIÓN INFANTIL E O ALUMNADO TRANSPORTADO.

AS FAMILIAS ESPERÁN FORA DO RECINTO ESCOLAR.

O ALUMNADO NON LEVARÁ LIBROS NIN MATERIAL DE TRABALLO PARA CASA.

NO CASO DE QUE O PROFESORADO POÑA TAREFAS, ESTE SERÁ A TRAVÉS DA AULA VIRTUAL A QUE TEREDES ACESO NA WEB DO COLE.

## **MAÍS INFORMACIÓN**

O ALUMNADO NON PODRÁ TRAER NADA DE CASA Á ESCOLA.

ESTÁ PROHIBIDO TRAER MOCHILA.

AS TUTORÍAS SERÁN DE FORMA TELEMÁTICA, COMO MEDIDA EXCEPCIONAL NO CASO DE NON TER COMUNICACIÓN TELEMÁTICA SE CONCERTARÁ UNHA CITA.

A BIBLIOTECA SERÁ DE USO DE AULA, SEN PRESTAMO.

NON HABERÁ SERVIZO DE GARDAS POLAS TARDES.

ESTÁ PROHIBIDA A ENTRADA NO RECINTO ESCOLAR SEN CITA PREVIA. ESTA FARASE POR CORREO ELECTRÓNICO OU POR TELÉFONO.

**TEMOS UNHA TAREFA DIFÍCIL PERO TODA A COMUNICADE XUNTA SEREMOS CAPACES POÑENDO O MÁXIMO EMPENO EN QUE O NOSO ALUMNADO DISFRUTE, SEXAN FELZ DESTE NOVO FORMATO DE EDUCACIÓN, NADA PARECIDO Á ESCOLA QUE NOS GUSTARÍA TER.**

**PERO A NOSA ESCOLA DE NEBRA SEGURO QUE VOLTARÁ E DESEXAMOS QUE MOI PRONTO.**

**MOITAS GRAZAS.**